



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
DEZANOVE DE XUÑO DE 2025 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO

Secretaria	D ^a . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS
------------	---

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día dezanove de xuño de dous mil vinte e cinco baixo a Presidencia do Sr. Alcalde -Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (15/05/2025).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día quince de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Comunicación de obra de don David Neira Pereiras (Expediente número 2025/U026/000022)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don David Neira Pereiras para renovación de parte do tellado da vivenda, retirando tellas estragadas e colocando novas tellas.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001202600NH43D, emprazada en Neira de Abaixo, 14 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1) e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e tres euros con corenta e tres céntimos (#73,43#).

2.2.- Comunicación de obra de dona María del Pilar Penide Otero (Expediente número 2024/U026/000084)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona María del Pilar Penide Otero para encintado parede lateral exterior de edificación,



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 19/05/2025, expediente: SPR-2025-0015.AUI, emitida en sentido favorable condicionada ao cumprimento do disposto no punto 5 da mesma: “Dado o carácter e a protección da que goza a vivenda na que se actúa, o encintado farase cun morteiro tradicional. Empregarase un morteiro de cal e area, que presenta unha maior resistencia á deterioración sen as desvantaxes dos morteiros de cemento. Considérase apropiada a cor ocre. As xuntas do encintado quedarán refundidas. Con respecto ao chapado que se pretende colocar no remate superior dos muros, enténdese que o mesmo non é autorizable. O remate superior dos muros irá recebado e pintado en cor ocre ou beixe. Cando se termine a actuación, deberanse enviar fotografías da mesma á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC), sinalando o número de expediente (SPR-2025-0015.AUI)”.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 8966803NH4386N, emprazada en Ponte Ulla, 18- Vedra, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como urbano. Plan Especial de Ponte Ulla, ficha B10, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada, ás condicións sinaladas polo informe de patrimonio cultural e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos trinta e nove euros con dezaseis céntimos (#239,16#).

2.3.- Comunicación de obra de Agroser Ulla S.L (Expediente número 2025/U026/000020)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Becerra Castro, en representación de Agroser Ulla, SL, para reestruturación de viñado retirando a plantación existente e instalando novas espaleiras, nos termos da documentación técnica achegada asinada por enxeñeiro técnico agrícola colexiado número 1428 de data 21/02/2025.

Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 16/04/2025, expediente XTC-2025-0521.AUI, na que se resolve:

Autorizar as obras solicitadas coas condicións que figuran no informe dos servizos técnicos recollidas no apartado 2 dos antecedentes desta resolución, non podendo comezar as mesmas ata autorización dun proxecto de control e seguimento arqueolóxico asinado por técnico competente. A eventual aparición de restos arqueolóxicos durante o control arqueolóxico deberá ser comunicada inmediatamente ao servizo de Patrimonio Cultural da Coruña, e suporá a suspensión das remocións de terras e a determinación da actuación de salvagarda máis adecuada, que lle será comunicada aos interesados.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090B50400189, emprazada en Vilanova (San Pedro), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Rústico de protección agropecuaria (R-2) e Rústico de especial protección de interese patrimonio (R-8), situándose parte da actuación dentro do ámbito da zona de respecto do Castro de Socastro GA1089003, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados. Así mesmo deberase dar cumprimento ás condicións da autorización de Patrimonio Cultural

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento dez euros (#110,00#).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2.4.- Instancia núm. 202499900000606 de don Rubén Nogueira González e dona María Burgo García (Expediente número 2024/U022/000018)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados solicitan licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar de PB en Xián, 44 - Trobe (San Andrés) (expediente municipal número 2024/U022/000018), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais (N-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Iván Filgueiras Rama, en calidade de arquitecto, sendo Iván Alba Jove o arquitecto-técnico e coordinador de seguridade e saúde, e un presuposto de execución material de 162.488,00, coas seguintes características:

PARÁMETRO	ORDENANZA N-1	ORDENANZA N-2		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m ²)	300,00	600,00	(1)(2)	1000
Parcela bruta total (m ²)				1000
Cesións regularización vías (m ²)	A aliñación	A aliñación		Xa realizada
Edificabilidade máxima (m ² /m ²)	0,4	0,30 (300,00)		203,11 < (300,00)
Ocupación máxima (%)	50	40 (400)		203,11 < 400,00
Aliñación (m)	Plan. / - eixo	Aliñación / >6,00		> 3,00 m
Recuamentos (m)	Aliñ/>3,00	>3,00	(3)	3,00
Alturas (Plantas/m)	S+B+1 / 7,00	S+B+1 / 6,00	(4)	B/3,15
Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60	Teito < 0,60		-
Usos	Viv. unifamiliar	Viv. unifamiliar		Viv. unifamiliar

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50510673.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza ou da data da presentación da comunicación previa acompañada do proxecto de execución, no caso de concesión da licenza cun proxecto básico. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de



expediente de caducidade con audiencia ao interesada/o. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Iván Filgueiras Rama, número de visado 2402574/2, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Coa advertencia ao interesado de que non poderá iniciar as obras ata que se achegue comunicación previa acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda. Achegarse ademais un documento asinado polo técnico redactor do proxecto de execución onde se sinale que este se axusta e desenvolve a determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza, sen introducir modificacións substanciais. No caso de modificacións substanciais con respecto ao proxecto básico deberase solicitar a modificación da licenza concedida. Consideraranse modificacións substanciais, entre outras, o cambio de uso, condicións de volume, posición e ocupación, edificabilidade, altura, recuamentos e separación de lindeiros,..) Artigo 143,4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade.

Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Non se afectará ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc..) que non fosen autorizados polo concello.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito e vertedoiros autorizados

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación, así coma de gas ou electricidade. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia coa comunicación de primeira ocupación.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

3º.- A zona de cesión para regularización do viario deberá quedar axardinada, ao mesmo nivel ca vía pública e libre de obstáculos. Para estes efectos, e previo ao inicio das obras, deberase xustificar o efectivo cumprimento dos requisitos mencionados con documentación gráfica e fotográfica.

As ramplas de acceso deberán executarse fóra da zona de cesión para regularización do viario, debendo quedar a zona de cesión e de titularidade municipal, libre de obstáculos e ao mesmo nivel ca vía pública.

Deberase proceder á contratación dunha empresa para a xestión dos residuos procedentes da fosa. Non se poderá realizar ningún tipo de vertedura, sen a previa autorización do organismo de cunca competente na materia.

Deberase incorporar no proxecto de execución, plano da parcela segundo a superficie catastral e axustado á aliñación municipal, visado polo colexio profesional.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto da licenza, do proxecto autorizado e da licenza, así como do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): tres mil douscentos corenta e nove euros con setenta e seis céntimos (#3.249,76#).

-Taxas expedición de cartel de obra: cento cincuenta euros (#150,00#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.5.- Comunicación de obra de don Rafael Mosquera Macho -Quevedo (Expediente número 2025/U026/000024

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Rafael Mosquera Macho-Quevedo para reparación de muro de formigón existente, construción de peche de parcelas con postes e malla de arame, aproximadamente 60 metros en total, e colocación de portal de acceso. Os peches situaranse na liña sinalada no vixente PXOM.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090D50100002, 15090D50100001, 001706200NH44A, emprazadas en Matelo 31 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e cinco euros con vinte céntimos (#75,20#).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2.6.- Instancia núm. 202499900001252 de Alberto Fernández Lamas (Expediente municipal número 2024/U052/000005)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, expón que con data do 24.02.2022 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Sales, 17 - Sales (San Fins), referencia catastral da parcela 15090B50230485, (licenza número 2021/U022/000027), nos termos do proxecto achegado e asinado por Rosa María Facal Varela en calidade de arquitecta, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva comunica a primeira ocupación da edificación obxecto do expediente.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así coma na demais lexislación de aplicación, toma coñecemento da comunicación da primeira ocupación (expediente municipal número: 2024/U052/000005) e aproba a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de sesenta (#60,00#) euros, xa ingresadas na tesourería municipal.

Así mesmo acorda a aprobación da liquidación definitiva do imposto sobre construcións, instalacións e obras, á vista da certificación final da liquidación da obra executada, que se notifica co presente acordo e que ascende á cantidade de trescentos trinta e seis euros con corenta céntimos (#336,40#), a ingresar.

A toma de coñecemento faise deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.7.- Instancia núm. 202599900000455 de UFD Distribución Electricidad S.A. (Expediente núm.: 2025/U022/000006)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad S.A.U solicita licenza para obras de substitución de CT Castro 13 - 15CQQ2 (VEDRA), con código SGD: 618523109002. en Vista Alegre - Ponte Ulla (expediente núm.: 2025/U022/000006), nos termos do proxecto técnico achegado asinado por graduado en enxeñería eléctrica COITIVIGO N°4684, cun orzamento provisional de 45.346,86 euros.

Dáse conta tamén da autorización outorgada pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, expediente referencia REGAGE24e00085717495, en sentido favorable.

Dáse conta tamén da resolución do Departamento Territorial da Coruña, da Consellería de Economía e Industria, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Vedra (expediente IN407A 2024/341-1).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 02/08/2024, así como ao contido das autorizacións sectoriais emitidas.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo. Ademais e de acordo co art. 3 do mesmo R.D. 1627/1997, se na obra interveñen máis dunha empresa ou traballadores autónomos, o promotor deberá



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



nomear un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, informando ao concello e á autoridade laboral competente.

Os residuos derivados da obra deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros apropiados, segundo proceda. Cumprirose o RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no que lle sexa de aplicación.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección necesarias para evitar que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de que sexa necesario a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións adecuadas de seguridade e se é necesario desviar o tráfico peonil. Antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos do concello, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación, acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de novecentos seis euros con noventa e catro céntimos (#906,94#)

2.8.- Comunicación de obra de don Raúl Vázquez Cao (Expediente número 2024/U026/000017)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Raúl Vázquez Cao para acceso á finca colocando tubos de formigón de 400 mm en 4 metros de gabiá.

Dáse conta da toma de coñecemento das actuacións en Augas de Galicia, expediente DH.W15.109027.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50300824, emprazada en Fornelos - Vedra (Santa Baia), cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble, poderá ser revogada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatíbles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación, acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse, de ser o caso, garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas, sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.9.- Comunicación de obra de don Manuel Villaverde Sánchez (Expediente número 2025/U026/000026)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Villaverde Sánchez para pintado de fachadas de vivenda unifamiliar con cor branca.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001501300NH34B, emprazada en Paradela, 31 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais. (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de centro tres euros con sesenta céntimos (#103,60#).

2.10.- Instancia núm. 202499900000408 de Bocaleón Ibérica S.L (Expediente número 2024/U024/000004)

Dáse conta da citada instancia na que don Francisco Javier Simón Barrallobre, en representación de Bocaleón Ibérica, S.L, solicita licenza para actuacións de movementos de terra na finca 1143 do polígono 506 para plantación de viñado en Sarandón (San Miguel) (expediente núm.: 2024/U024/000004), en solo cualificado como “Solo rústico de especial protección forestal. (R-3)”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por arquitecto técnico colexiado 1784.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50601143.

Dáse conta tamén do informe emitido polo Servizo de Montes da Consellería do Medio Rural, ref.: ID – 562.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, debendo as obras ou actuacións axustarse e atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por arquitecto técnico colexiado 1784, de data 23/04/2024, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Non se afectará ningún elemento das vías ou espazos públicos (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc.), que non foran autorizados polo concello. O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras, movemento de maquinaria, etc.

No caso de ser preciso o valado das obras ou actuacións deberán reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderán inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

As obras ou actuacións deberán cumprir as disposicións da normativa sectorial que lle resulten de aplicación e nos termos das autorización outorgadas.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

As estruturas fixas deberanse situar a unha distancia mínima de 6 metros dende o eixe das vías municipais.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos dezaioito euros (#318,00#).

2.11.- Instancia núm. 202399900000031 de dona Martina Mella Montouto (Expediente número 2023/U022/000002)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para obras de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar en Outeiro, 15 - Ribadulla (Santa Cruz) (expediente núm.: 2023/U022/000002), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais. (N-1)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por M. Mayte Vidal Lourido, en calidade de arquitecta e un presuposto de execución material de 176.297,68 euros.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 002303100NH43F.

Dáse conta tamén da autorización outorgada por Augas de Galicia para captación de auga. Expediente DH.B15.92522

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza ou da data da presentación da comunicación previa acompañada do proxecto de execución, no caso de concesión da licenza cun proxecto básico. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia á interesada. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por M. Mayte Vidal Lourido número de visado 2300124/2, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Coa advertencia á interesada de que non poderá iniciar as obras ata que achegue os oficios de dirección de obra de arquitecto e oficio de dirección de execución e coordinación. Deberá chegar tamén o cuestionario de estatística de edificación e vivenda.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado das obras ou actuacións deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade.

Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Non se afectará ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc..) que non foran autorizados polo concello.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito e vertedoiros autorizados

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia coa comunicación de primeira ocupación.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreo para a regularización da vía pública nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número S.03, de 83 m²., e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

A zona de cesión para regularización do viario deberá quedar axardinada, ao mesmo nivel ca vía pública e libre de obstáculos. Para estes efectos, e previo ao inicio das obras, deberase xustificar o efectivo cumprimento dos requisitos mencionados con documentación gráfica e fotográfica.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto da licenza do proxecto autorizado e da licenza, así como do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): tres mil cincocentos vinte e cinco euros con noventa e cinco céntimos (#3.525,95#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.12.- Comunicación de obra de dona Virginia Furelos Vázquez (Expediente número 2025/U026/000001)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovida por dona Virginia Furelos Vázquez para remodelación topográfica de pequena entidade en parcelas, para uso agrícola nos termos da documentación técnica achegada asinada por bióloga colexiada nº 20836-X e de data 14/04/2025.

Dáse conta do informe sectorial favorable da Consellería do Medio Rural, Ref. : 2025/250368 .

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50300512 - 15090A50300513, emprazadas en Pousada de Abaixo - Vedra, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Rústico de especial protección agrícola (R-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada, ao contido da autorización sectorial de Medio Rural e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e cinco euros con corenta céntimos (#65,40#)

4º.- Dar contas das Resolucións da Presidencia do mes de maio

Dáse conta das Resolucións da Presidencia do mes de maio:

DECRETO	DATA	ASUNTO
363	02/05/2025	Adquisición de vehículo de segunda man para servizos varios (Expediente núm. 2025/C002/000006)
364	02/05/2025	Aprobación liquidación de taxas por expedición de informe urbanístico
365	05/05/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
366	05/05/2025	Aprobación convocatoria e bases para a elección de Xuíz/a de Paz Substituto/a de Vedra
367	05/05/2025	Adxudicación servizo da XXXII Romaría da Terceira Idade de Vedra
368	05/05/2025	Actualización copago e redución intensidade SAF, libre concorrencia, a IRI
369	05/05/2025	Aprobación liquidación de taxas expediente de rehabilitación de vivenda en Viñopequeno n.º 1 – San Andrés de Illobre
370	05/05/2025	Autorización para conexión ao servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 12 de Matelo – San Xián de Sales
371	05/05/2025	Aprobación liquidación de taxas por expedición de informe municipal
372	06/05/2025	Posta a disposición dos interesados expediente de comprobación de peche de parcela con bloques en Paradela – San Xián de Sales
373	06/05/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca e madrugadores, correspondente a días soltos no mes de abril
374	06/05/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga. Modalidade madrugadores, do mes de maio
375	06/05/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga. Modalidade ludoteca, do mes de maio



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



376	07/05/2025	Aprobación modificación de factura do servizo de abastecemento de auga en vivenda sita en Sales, 12 – San Fins de Sales, por erro na lectura do contador
377	07/05/2025	Aprobación convenio regulador entre o Concello de Vedra e a Sociedade de Caza Ribadulla –Vedra .
378	07/05/2025	Aprobación certificación núm. 1 corrixida da obra de Reforma de camiños en Texo, Caxaraville e o Pumariño (POS +2023) e factura correspondente da adxudicataria, Construcciones y Obras Taboada Ramos, S.L.U.
379	08/05/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
380	08/05/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de excursións da terceira idade realizadas en abril
381	09/05/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2025.19 por importe de 29.778,21 euros
382	09/05/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, concepto de comedor, do mes de abril
383	09/05/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación –Espazo Coworking, do mes de maio
384	09/05/2025	Aprobación liquidación definitiva imposto sobre construcións, instalacións e obras do expediente de licenza para construción de vivenda en Nande -San Fins de Sales (Expediente 2025/U052/000001)
385	09/05/2025	Incoando expediente de reposición de legalidade por mor de actuacións levadas a cabo no local sito na Rúa Alcalde Francisco Carrillo, 10 –Santa Cruz de Ribadulla
386	09/05/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración de enerxía eléctrica incluídos na relación de facturas F.2025.18 por importe de 1.976,73 euros
387	09/05/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2025.17 por importe de 16.463,30 euros
388	09/05/2025	Aprobación modificación de créditos 7/2025 na modalidade de xeración de créditos vinculada á subvención para a adquisición de novidades editoriais e mellora de coleccións bibliográficas para o ano 2025
389	12/05/2025	Aprobación das bases reguladoras da convocatoria para a contratación de 1 monitor/a de tempo libre para o Programa Conxuga –Corresponsables 2025



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



390	13/05/2025	Arquivo de expediente de construción de vivenda unifamiliar en Laraño -San Xián de Sales
391	13/05/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade dependencia, do mes de abril
392	13/05/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade libre concorrencia correspondente ao mes de abril
393	13/05/2025	Aprobación autoliquidación do 1º cuadrimestre 2025 do canon da auga e tramitación ante Augas de Galicia
394	13/05/2025	Aprobación liquidación de taxas expediente de construción de alboio con estrutura metálica en Francés -San Pedro de Vilanova (Expediente núm. 2025/U022/000004)
395	13/05/2025	Aprobación liquidación de taxas expediente de rehabilitación de vivenda e peche parcial de parcela en Feal -San Mamede de Ribadulla (Expediente núm. 2025/U022/000005)
396	13/05/2025	Adxudicación contrato de subministración de materiais para a obra de Ampliación da rede de abastecemento en Fornelos e Manteles de Abaixo (Vedra), financiada a través do Fondo de Compensación Ambiental 2025 (Expediente 2025/C005/000001)
397	14/05/2025	Adxudicación da obra de Reurbanización da vía de acceso á igrexa de Santa María Magdalena de Ponte Ulla, actuación incluída no eixe 2 do PSTD Terras de Santiago (Expediente 2025/C003/000001)
398	14/05/2025	Designando coordinador de seguridade e saúde da obra de Reurbanización da vía de acceso á igrexa de Santa María Magdalena de Ponte Ulla (PSTD Terras de Santiago)
399	14/05/2025	Licenza administrativa para a posesión de can de raza perigosa
400	15/05/2025	Aprobación liquidación de taxas expediente de renovación de tellado de vivenda en Neira de Abaixo , 22 – San Mamede de Ribadulla (Expediente núm. 2025/U026/000022)
401	15/05/2025	Ampliación intensidade SAF, libre concorrencia, a IRI
402	15/05/2025	Aprobación liquidación de taxas expediente de parcelamento en Vilapedre -San Andrés de Illobre (Expediente núm. 2025/U018/000002)
403	16/05/2025	Solicitud á Asociación Terras de Compostela do anticipo do 70% da adxudicación do contrato da actuación Reurbanización da vía de acceso á igrexa de Santa María Magdalena de Ponte Ulla
404	16/05/2025	Aprobación liquidación da taxa a Alcomte Galicia, S.L, adxudicataria da obra de Reurbanización da vía de acceso á igrexa de Santa María Magdalena de Ponte Ulla (PSTD Terras de Santiago) pola prestación dos servizos de dirección de obra, control de calidade e coordinación en materia de seguridade e saúde



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		(Ordenanza fiscal nº 26)
405	16/05/2025	Aprobación listaxe provisional de persoas admitidas/excluídas no proceso de selección para a contratación de 1 oficial de 2ª albanel (contrato de substitución)
406	16/05/2025	Aprobación liquidación da taxa a Alcomte Galicia, S.L, adxudicataria da obra de Reurbanización da vía de acceso á igrexa de Santa María Magdalena de Ponte Ulla (PSTD Terras de Santiago) pola formalización do contrato (Ordenanza fiscal nº 26)
407	16/05/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2025.20 por importe de 80.595,80 euros
408	16/05/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a pagamentos pendentes de aplicar ao orzamento incluídos na relación de factura F.2025.21 por importe de 3.764,00 euros
409	16/05/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida para o fomento do emprego no medio rural (Aprol 2024)
410	19/05/2025	Aprobación conta xustificativa do Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas (PDR 2024/2025) 2ª Anualidade
411	19/05/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de excursións da terceira idade realizadas no mes de maio
412	19/05/2025	Cambios titularidade recibo SAF, intensidade do servizo e copagamentos a JGT
413	19/05/2025	Pago axuda de emerxencia social a AGA
414	20/05/2025	Rectificación de acordo da Mesa de Contratación da obra de Ampliación da rede de abastecemento a San Miguel de Sarandón (POS + Adicional 2/2024), á vista do novo informe técnico emitido sobre a valoración dos criterios avaliábles mediante a aplicación de fórmulas (Arquivo electrónico C) (Expediente 2024/C003/000005)
415	20/05/2025	Denegando praza na EIM, curso 2025/2026 a RBS, por non acreditar as condicións establecidas nas normas de funcionamento do centro
416	20/05/2025	Aprobación listaxe definitiva persoas admitidas na EIM, curso 2025/2026
417	20/05/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
418	20/05/2025	Aprobación baixa das liquidacións da taxa de recollida de lixo dos anos 2000-2024 da vivenda núm. 1 de Cumbras -Vilanova, por erro no titular.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



419	21/05/2025	Anulación de factura do servizo de abastecemento de auga do 1º trimestre da vivenda núm. 64 de Paradela -San Xián por erro na lectura de contador e nova facturación por consumo real.
420	21/05/2025	Aprobación da orde de pagamento do 2º anticipo en concepto de reserva dos aloxamentos da Viaxe da Xuventude 2025
421	21/05/2025	Delegación especial a favor da concelleira de cultura, dona Diana Varela Barreiro, para a celebración de matrimonio civil o 14.06.2025
422	21/05/2025	Autorización para conexión ao servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 16 de Afós – Santa Cruz de Ribadulla
423	21/05/2025	Aprobación da modificación de créditos 8/2025 por xeración de créditos vinculada á subvención concedida para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural, vinculados co proxecto piloto Talento Interxeracional.
424	21/05/2025	Aprobación liquidación de taxas por informe urbanístico
425	22/05/2025	Aprobación listaxe definitiva persoas admitidas/excluídas no proceso de selección para a contratación de 1 oficial de 2ª albanel (contrato de substitución) e datas de celebración das probas
426	23/05/2025	Autorización para conexión ao servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 60 de Paradela – San Xián de Sales
427	23/05/2025	Autorización para conexión ao servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 1 de Gatente – San Andrés de Trobe
428	23/05/2025	Autorización para conexión ao servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 17 de Paradela – San Xián de Sales
429	23/05/2025	Autorización para conexión ao servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 61 de Paradela – San Xián de Sales
430	23/05/2025	Autorización para conexión ao servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 41 de Paradela – San Xián de Sales
431	23/05/2025	Autorización para conexión ao servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 57 de Paradela – San Xián de Sales
432	23/05/2025	Aprobación certificación nº 2 e última da obra de Reforma de camiños en Texo, Caxaraville e O Pumariño (POS + 2023), e factura correspondente da adxudicataria, Construcciones y Obras Taboada Ramos, S.L.U, por importe de 63.946,20 euros
433	23/05/2025	Aprobación certificación nº 1 da obra de Reforma e mellora de camiños en Gundián, Sobredo e outros (POS + 2024), e factura correspondente da adxudicataria, Construcciones y Obras Taboada Ramos, S.L.U, por importe de 19.342,37 euros
434	23/05/2025	Aprobación liquidación de taxas por informe urbanístico



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



435	23/05/2025	Aprobación liquidación de taxas expediente de licenza para reestruturación de viñado en Vilanova (Expediente 2025/U026/000020)
436	23/05/2025	Aprobación e orde de pagamento das nóminas do mes de maio
437	23/05/2025	Aprobación certificación núm. 3 e última da obra de Ampliación da rede de abastecemento en Picón (Vilanova) e factura correspondente da adxudicataria, Cosmalca, S.L, por importe de 21.232,54 euros
438	23/05/2025	Renovación tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade e mobilidade reducida de MCCA (nº 66)
439	23/05/2025	Concesión de tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade e mobilidade reducida a MVM (nº 188)
440	23/05/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo da taxa de recollida de lixo da vivenda nº 1 de Cumbraos –Vilanova.
441	23/05/2025	Delegación especial no 2º Tenente de Alcalde, don Enrique Vázquez Martínez, para a celebración de matrimonio civil o día 30.05.2025
442	26/05/2025	Concesión praza no Programa Conxuga, modalidade ludoteca, para o curso 2024/2025 a YVQ
443	26/05/2025	Concesión praza no Programa Conxuga, modalidade ludoteca, para o curso 2024/2025 a YVQ
444	26/05/2025	Concesión praza no Programa Conxuga, modalidade ludoteca, para o curso 2024/2025 a YVQ
445	26/05/2025	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
446	26/05/2025	Alta no servizo de comedor da EIM, curso 2024/2025 de CGC
447	26/05/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
448	26/05/2025	Aprobación liquidacións da taxa de recollida de lixo dos exercicios 2021-2024 correspondentes á vivenda núm. 1 de Cumbraos – Vilanova, emitidas ao titular.
449	26/05/2025	Alta no SAF, libre concorrencia de ROP
450	26/05/2025	Aprobación cambio de frecuencia asistencia Programa Concilia, modalidade ludoteca. Curso 2024/2025 de ADP
451	28/05/2025	Aprobación listaxe definitiva persoas admitidas/excluídas no proceso de selección para a contratación de 1 monitor/a de tempo libre para o Programa Conxuga -Corresponsables 2025 e designación dos membros da Comisión de Selección
452	29/05/2025	Ordenando a execución subsidiaria da realización dos traballos de xestión da biomasa para a prevención de incendios forestais en parcela sita en Tomonde- Santa Cruz de Ribadulla e aprobación da



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		liquidación provisional dos gastos derivados da execución subsidiaria
453	29/05/2025	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
454	29/05/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
455	29/05/2025	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
456	29/05/2025	Adxudicación de contrato menor da Prestación de servizos no Centro de Emprendemento A Estación – Espazo Coworking do Concello de Vedra: xestión e administración do espazo e servizo de dinamización e asesoramento para a creación e aceleración de proxectos produtivos (Expediente 2025/C002/000008), financiado pola Deputación Provincial con cargo ao Programa PEL – Rede Coworking 2025
457	29/05/2025	Adxudicación de contrato menor da Prestación de servizos no Centro de Emprendemento A Estación – Espazo Coworking do Concello de Vedra: formación de programas e campaña de comunicación do espazo e servizos (Expediente 2025/C002/000009), financiado pola Deputación Provincial con cargo ao Programa PEL – Rede Coworking 2025

A Xunta de Goberno Local dáse por informada.

4º. – Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e dez minutos.